

Resolución do 3 de outubro de 2023 do tribunal designado pola Resolución do 18 de xullo de 2023 publicado no DOG núm. 142 do 27 de xullo (en adiante, Tribunal policía 2023), para cualificar o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado mediante orde do 19 de abril de 2023 (DOG número 86, do 5 de maio) (en adiante Proceso selectivo unitario 2023) polo que se fai publica a listaxe provisional de cualificacións do primeiro e segundo exercicio realizados o día 23 de setembro de 2023.

Validamente reunido, este tribunal, ACORDOU:

PRIMEIRO.:

Na sesión que tivo lugar o día 29 de setembro de 2023, este Tribunal, transcorrido o prazo establecido para as alegacións por parte dos e das aspirantes aos enunciados dos exercicios e a folia de respostas publicadas na páxina web da Agasp, valoradas as mesmas.

- Anular a cuestión número 29, que é substituída pola cuestión número 101
- Desestimar na súa totalidade o resto das alegacións presentadas

SEGUNDO.:

Na sesión que tivo lugar o día 2 de outubro de 2023, o Tribunal procedeu a corrección automática do primeiro exercicio.

De acordo co establecido na base sexta da convocatoria deste proceso selectivo, o anexo I desta resolución é a listaxe das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.

Como anexo II, figura a listaxe de persoas aspirantes que realizaron o segundo exercicio declaradas aptas no mesmo.

As persoas que non figuren nesta listaxe, por non presentarse a realización dos exercicios, quedan excluídas automaticamente do proceso.

Concedese un prazo de cinco (5) días a efectos de alegacións as cualificacións obtidas no primeiro e segundo exercicio, que corresponde cos días 4, 5, 6, 9 e 10 de outubro de 2023.

As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal. No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.



No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá á Academia Galega de Seguridade Pública.

Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal, antes das 23:59 do 10 de novembro de 2023.

Cando as alegacións se refiran a desconformidades coa cualificación outorgada deberase indicar claramente as preguntas concretas que a persoa interesada considera que fallou ou non contestou para poder comprobar a procedencia ou non da alegación.

TERCEIRO.:

Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da AGASP esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Na data da sinatura dixital

A Presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro

